

Ela había voltar

Jorge Emilio Bóveda

Relato

Luis Ahijado

Poema

David González Gándara

Ilustración

-Mire estes corazóns de aquí -dixo o encargado sinalando unha cubeta de corazóns grandes, carnosos, e inda botando sangue de xeito profuso-. Son de primeira calidade. E teñen incluso denominación de orixe. Fóronlle extirpados a varios fregueses da catedral de San Breixo. Pode levar calquera deles por so cen moedas.

-Cen moedas? Non teño tantos cartos! -salaíou o cliente facendo repaso mental ao contido da faldriqueira. Concretamente vinte moedas.

-Non se apure, cabaleiro. Veño de ofrecerlle a calidade suprema do produto -asegurou pondo de manifesto certa man esquerda para os negocios, mentres ao seu redor outros operarios ataviados de mandís non deixaban de despezar cadáveres humanos e clasificar os membros en recipientes de plástico de distintos tamaños.

-Pois mire, eu podo gastar vinte moedas. Iso é o que teño -dixo o cliente evitando mirar arredor.

-... Por vinte moedas témome que non teño nada -o encargado finxindo decepción.

-E... ese que se ve nese cubo? -o cliente sinalando un corazón exiguo, esquecido e solitario nun recuncho.

-Ah... ese... veña! É seu por esas vinte moedas. Hoxe estou benévolo. E máis pensando que faría vostede deambulando polo mundo sen corazón.

O encargado envolveu o órgano de cuarta categoría nun papel de xornal. Concretamente o da páxina de sucesos onde se dedicaban dúas columnas á desaparición de varios fregueses de San Breixo.

-Pero que fai?? -dixo estrañado o cliente- Non ve que o quero levar posto!

-Nese caso a operación lle custará máis cas vinte moedas que ten. Seu diñeiro non cobre os gastos da operación. Terá que facer como poida.

-Pero non teño nin idea de como facer!

-Pois baixe un manual da Internet. Que quere que lle diga?

-Mire. Estáseme a ocorrer algo -dixo o cliente- Que lle parece se lle ofrezco un dos meus órganos menos vitais

como pago pola operación? Penso que non tería nunca un órgano tan fresco.

-... Non é mala idea, non -accede o encargado cun sorriso cobizoso debuxado na face-. Que órgano podería ser? Usa moito o pene? -preguntou descarado.

-Eu pensaba nun dos meus riles ou nun fragmento do fígado.

-Temos riles a esgalla e, a xulgar polas veces que o teño visto metido nos garitos da zona, seu fígado non me interesa... agarde un intre. Braulio! -berrou a un dos operarios de mandil que se dispuña a extraer un cerebro dunha cabeza da que tirara os ollos había un intre.

-Dígame -respondeu o interpelado dirixindo a vista cara eles por vez primeira.

-Como están as existencias de órganos a día de hoxe?

-Pois... -rañando a caluga- viríannos ben un paquete intestinal e uns cantos ollos.

-O paquete intestinal é obvio que non llo vamos tirar, pois sería unha boa faena para ambos -dirixindo a vista ao cliente desesperado-. Pero, en troques, si aceptaríamos un dos seus grandes ollos azuis.

-Está ben -con aquiescencia-. Acepto o trato. Un dos meus ollos e vinte moedas por implantarme ese corazón -colocando as moedas enriba da mesa na que xacía unha bandexa metálica chea de órganos extraídos recentemente.

Os dous operarios deixaron seus quefaceres e someteron ao cliente a operación naquel mesmo lugar a xeito de quirófano e sentado nun tallo a xeito de mesa de operacións. Todo ante a mirada do encargado negociante. Como as moedas foran tan xustas ripáronlle o ollo esquerdo sen ningún tipo de atenuante da dor ou anestesia e cunha coitela coma único instrumento cirúrxico, inflixíndolle, loxicamente, unha dor indescritible. Unha dor que testemuñou seu ollo xemelgo emitindo unha bágoa tímida.

Logo procederon a implantarlle o corazón, tras despoxalo da camisa e despois de varios cortes coa coitela que a piques provocaron que súa consciencia esvaecera para sempre, de pura dor.

Ante os homes apareceu un burato cheo malamente dunha masa sanguíñenta.

-Pois si que lle esnaquizaron o corazón ben esnaquizado -comentou insulsamente un dos operarios mentres o outro desenvolvía o órgano novo, no que se imprimiran unhas cantas letras do papel de xornal.

-Ela non ha volver. Pero non cómpre que mo lembre. Limite a facer o seu traballo -mentres o ollo agora se vía enchoupado en bágoas.

Logo de raspar a zona cun par de culleres vellas procederon a introducir no oco, a modo, o novo corazón.

-Quen foi o primeiro dono deste órgano? -preguntou o paciente con interese lóxico.

-Para serlle franco levaba bastante tempo nese caldeiro e non lembro. Pero polas miserables vinte moedas que me deu non agardaría un corazón con pedigree? -producindo risas na parella de cirurxiáns de medio escarpelo.

Despois duns instantes de cirurxía barata, unhas grosas puntadas

de fío de liño pecharon a ferida. O encargado meteu as moedas nun peto que levaba pegado a unha perna, por baixo do pantalón, e os operarios procederon a tirar o lixo dun chan profusamente manchado de sangue. Vestixios do cambio de vida no cliente.

E ela voltou a el, pero seu cambio interior e a súa redución de miras á metade non evitaran que lle seguira a dar unha existencia infausta con maltratos de todo xeito, ata rematar, ardendo nun inferno de noxo e posesión, por asasinala coas súas propias mans. Ela, súa sombra escura, tamén voltara.